


COMENTARIO 3.7.CLISERIE DOS PIRENEOS.

a) Na Figura 1 que é o Mapa das Rexións bioxeográficas identificamos a lenda:

- Rexión boreoalpina
- Rexión eurosiberiana
- Rexión mediterránea
- Rexión macaronésica
- Rexión saharoarábica



b) A identificación da Figura 2 é:

O documento é unha gráfica denominada Cliserie que representa a graduación da vexetación dunha montaña, neste caso dos Pireneos, en función da altitude e da orientación. No eixe horizontal (abscisas) indícase a base da montaña, e no eixe vertical, (ordenadas) a altitude desde 0 ata 3.500 m. Ás veces, pode aparecer unha liña vertical desde a base ata o cumio para separar a vexetación de ambas vertentes. A gráfica acompáñase dunha lenda na que se identifican mediante cores e figuras ou símbolos as diferentes especies vexetais.

As cliseries permiten observar como inflúe a altitude e a orientación no tipo de vexetación de cada vertente pois a temperatura diminúe 5 ou 6 °C cada 1000 m. á vez que as precipitacións aumentan, sendo maiores na vertente exposta aos ventos (a de barlovento). Ademais a orientación orixina contrastes térmicos entre a solana ou solleiro, orientada ao sur que é máis cálida e a de aveseado ou umbría, orientada ao norte que é máis fría e húmida.

C e d) Analizamos a Cliserie dos Pireneos

Os Pireneos forman parte da **rexión boreoalpina**, rexión bioxeográfica que se corresponde coa vexetación de alta montaña, e polo tanto está delimitada pola altitude. Trátase dunha vexetación moi adaptada ás baixas temperaturas e cunha pluviosidade maior cas das zonas máis baixas. Os Pireneos son unha das cordilleiras alpinas exteriores á Meseta onde se acadan algunhas das maiores altitudes da Península como o Aneto (3404 m.) e o Monte Perdido (3348 m.)

Segundo a altitude diferenciamos en España tres grandes dominios: **a montaña alpina, representada nos Pireneos**; a montaña de transición, que comprende gran parte das montañas da Península agás os Pireneos (Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Serra Morena e Sistema Ibérico); e a montaña Mediterránea, representada nos Sistemas Béticos, especialmente por Serra Nevada.

Na Cliserie dos Pireneos **podemos distinguir os seguintes estratos ou pisos altitudinais:**

Piso basal e piso montano entre os 500 e 1000 m aproximadamente:

Observamos a presenza da **Aciñeira** no piso basal e no piso montano e en ambas vertentes aínda que acada maior altitude na ladeira sur ou solleiro, aproximadamente en torno ós 1000 m. A aciñeira é unha árbore perennifolia que se adapta ben a todo tipo de solos e á sequía. No seu aproveitamento económico destaca o seu froito, a landra, como alimento do gando; e a súa madeira moi útil para fabricación de rodas, carpintería exterior e carbón. Atópase en zonas baixas pois tolera menos o frío e esixe menor humidade ca faia.

Podemos ver a presenza do **Carballo** na vertente sur ou solleiro. Esta é unha árbore caducifolia que ten menor tolerancia ao frío e esixe menor humidade que a faia, polo que se sitúa a alturas máis baixas. É de crecemento lento e a súa madeira é dura e emprégase para a construción e para fabricar mobles e barcos.

Á mesma altitude pero na vertente oposta á solana, é dicir, na de umbría aparece o **piñeiro manso ou piñeiro albar**. Trátase dunha conífera de follas perennes e aciculares(como agullas) que soporta xeadas e adaptase a todo tipo de solos, e pode acadar os 35 m. de altura.

Piso Subalpino entre 1200 e 2400 m:

O clima é bastante húmido e da lugar a unha densa vexetación na que destacan as coníferas como o **abeto** e os **piñeiros**. Ambas son árbores resinosos de follas aciculares(como agullas) e froitos agrupados en conos(piñas).O **abeto** pode formar bosques mixtos coa faia, como podemos ver na vertente de umbría. A **faia** é unha árbore caducifolia que necesita abundantes precipitacións, polo que lle favorece a néboa e o rocío, e ademais tolera moi ben o frío, adáptase a varios tipos de solos pero prefere os calcáreos. Tamén é de crecemento lento e a súa madeira é dura e de boa calidade e emprégase para elaborar mobles e utensilios. Na outra vertente, a de solleiro, desenvólvese o piñeiro manso, e sobre todo o **piñeiro negro** que é de gran tamaño, forma cónica e redondeada, e moi resistente ao frío e ao vento. O seu crecemento é moderadamente rápido. Esta especie abunda moito menos na vertente de umbría ou avesedo.

*O sotobosque está constituído por arbustos como o rododendro e a arandeira. O **Rhododendro** é un arbusto de pequeno tamaño, e a súa especie máis alta pode acadar os 30 m. As súas follas son pequenas e tanto as hai perennes como caducifolias. Os máis coñecidos caracterízanse por ter grandes follas que florecen durante un curto período de tempo. A **Arandeira** é outro arbusto de froito comestible, o arando ou uva de monte, de cor morada ou negroide. Tamén é de pequeno tamaño con pólas verdes e triangulares e follas ovaís e afiadas. (Este parágrafo é complementario, non obrigatorio)*

Piso alpino entre os 2400 e os 3000m:

A estas altitudes dominan en ambas vertentes, os **Prados**, que teñen un período vexetativo curto, xa que pasa entre sete ou oito meses cuberto pola neve o que impide o desenvolvemento de plantas de maior tamaño. Abundan os sectores de rocha núa e os pedregais onde crecen pequenas **plantas rupícolas**(as que medran entre as rochas como liques e mofos/musgos)

Piso nival por riba dos 3000 m:

Este último piso non ocupa superficies importantes nin nos Pireneos nin en ningunha outra parte de España. Nas zonas de escasa pendente, a **neve** mantense todo o ano e a vexetación é inexistente. Onde hai pendente, a neve desaparece certo tempo e medran **pequenas plantas rupícolas** sobre a rocha ou no interior de gretas e fisuras.